

PERCORRIDO

Comezamos nos **Torgás** onde deixamos o coche e, pola estrada, volvemos a **Parada**, de alí, tamén pola beira da estrada, imos a **Castro**, onde nos achegamos ao **miradoiro** e ao **castro da Cividá**. Logo, á saída do lugar, deixamos a estrada para incorporarnos ao camiño da ruta que durante un tramo se mantén ao nivel para botarse logo monte abaixo, cruzar a estrada e seguir baixando, ata completar uns 200 m de desnivel, para chegar ao **mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil**. Visitamos o mosteiro, no que podemos gozar demoradamente da sinxeleza e da fermosura da súa estrutura e os detalles dos capiteis canzorros e pinturas. Logo para seguir a ruta hai que desandar un pouco o camiño antes de seguir a baixar, agora con menos pendente, polos vellos soutos onde se pode apreciar o traballo feito polas xentes da zona para o cultivo da castaña, a cantidade de valados e **socalcos** que gabean polas encostas do canón, para sacar adiante unha labor que debeu de ser de grande importancia como demostra o número de **sequeiros** que atopamos, arruinados polo abandono, pero que aínda amosan as características propias da función para a que foron construídos, mentres imos vendo, ao tempo, as paredes do canón do outro lado do río e a altura que aínda nos separaba da auga. Ao entrar no cavorco do **rego da Portela** o camiño sube, en incontables viradas, os case 200 m de desnivel que hai ata o lugar onde, antes de cruzar o rego, nos sorprende un **muíño** que era posto a traballar pola auga que se conducía ata el por un longo acueduto. Despois de cruzar o rego entramos no planalto, os camiños ábrense e o espazo despéxase, as árbores deixan paso ás xestas, e seguimos a camiñar pola beira da parte alta do canón onde atopamos numerosos puntos panorámicos, sinalizados e sen sinalizar. Cruzamos o **rego das Gavias** e temos un indicador para ir ao **miradoiro de Fontiñas** que ten ao seu pé, con espazo acondicionado, a **fervenza do Pozo da Ovella**, un fermoso salto pero case sempre con moi pouquiña auga, e un pouco máis adiante outro desvío para ir ao **miradoiro do Fental**. De volta no camiño, xa unha ampla pista, que gañando altura amodo logo chegamos ao pé do campo de fútbol para ir, por debaixo del, ao miradoiro máis coñecido da contorna o dos **Torgás ou Balcóns de Madrid**, e dando a volta polo outro lado do campo de fútbol ver o **foxo do lobo** antes de percorrer os escasos cen metros que nos separan do coche para completarmos un fermoso e interesante percorrido.



O canón desde o miradoiro do Castro da Cividá



Castro da Cividá



Vista desde o camiño a Santa Cristina



Muíño da Portela



Sequeiro



O canón desde un punto da ruta



Vista do canón desde o miradoiro das Torgás



Souto nos socalcos das abas do canón



Castiñeiros no Castro



Cores de outono nas follas dun castiñeiro



Cores de outono nunha pereira brava



Castiñeiro no camiño



Follas de carballo



Froitos de érbedo



Liques barbas de frade (*Usnea...*)



Cladonia



Usnea florida



Evernia



Brións, fungos e liques son comúns no sotobosque no outono



Orella de gato (*Helvella crispa*)



Andoa (*Boletus edulis*)



Se



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil

De orixe no século X. Foi un dos mosteiros máis importantes de Ribeira Sacra durante a Idade Media no que os monxes se dedicaron ao cultivo do castiñeiro e da vide. Conserva a igrexa románica, cunhas pinturas murais, renacentistas (século XVI) no interior da ábsida central. No muro norte, atópase a torre-campanario con cuberta en forma de pirámide. Do claustro só se conservan dúas partes.

